

CONVOCATORIA CONTRATACIÓN PERSOAL CITMAga

DENOMINACIÓN: “

“INVESTIGACIÓN MATEMÁTICA EN METODOLOXÍA ESTATÍSTICA PARA A VALORACIÓN DE STOCK”.”.

REFERENCIA DA OFERTA: CITMAga-OT-05/2026.

DESCRICIÓN DO POSTO: 1 contrato como investigador/a colaborador/a.

TRABALLO A REALIZAR: realización de tarefas de investigación no marco do proxecto “INVESTIGACIÓN MATEMÁTICA EN METODOLOXÍA ESTATÍSTICA PARA A VALORACIÓN DE STOCK”.

FUNCIÓNS A REALIZAR: traballos de investigación en estatística: análise dos datos históricos, identificación e tratamento de datos atípicos que poidan afectar a estimación dos parámetros de interese. Avaliación de correlacións entre variables relevantes para a estimación. Implementación e comparación de metodoloxías de remuestreo para estimación de intervalos de confianza.

RESPONSABLES: Profesora Dra. Beatriz Pateiro López.

PERFIS DOS CANDIDATOS: Licenciados/as, Enxeñeiros/as, Graduados/as e equivalentes.

MÉRITOS E REQUISITOS A VALORAR:**Formación e experiencia xeral a valorar (40 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).**

- Expediente académico do grao/licenciatura/enxeñería. Expediente do #máster (no seu caso). Valorarase o grao de afinidade das titulacións do candidato coa estatística matemática. (12 puntos)
- Coñecemento e experiencia previa no deseño e implementación de algoritmos de estatística. (18 puntos)
- Coñecemento e experiencia previa en modelos de predición estatística. (10 puntos)

Coñecementos e experiencia adicional e específica a valorar (30 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).

- Experiencia práctica na resolución de problemas de estatística. (10 puntos)
- Programación en linguaxes de análises e modelización científica (Python, R ...), bases de datos con SQL e manexo de datos con Microsoft Excel (10 puntos)

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servizos - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

- Experiencia en modelización de series temporais: análise de datos históricos para identificar patróns, tendencias estacionais e ciclos de comportamento. (5 puntos)
- Experiencia en simulación de escenarios mediante Monte Carlo e en técnicas de remuestreo para análise estatística. (5 puntos)

Entrevista persoal (30 puntos).

As persoas candidatas seleccionadas de acordo cos criterios anteriores serán convocadas a unha entrevista persoal. . Entrevistarase polo menos ás/ós tres candidatas/os con mellor valoración e que entre os dous apartados anteriores alcanzaran polo menos 40 puntos.

Criterio xeral do proceso de selección: que en condicións equivalentes de idoneidade (méritos iguais) entre dúas ou máis persoas candidatas, accederá ó posto a persoa de sexo menos representado no tipo de posto convocado.

REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS

Para ser admitidas/os, as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto para a que realicen a súa solicitude indicados no punto anterior, deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes e mantelos ata a data prevista de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas con nacionalidade española e de algún dos demais Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separadas de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.
- Así mesmo poderán participar as persoas con nacionalidade de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. No obstante, a formalización do contrato laboral con persoas destas nacionalidades queda condicionada a que as persoas

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da/s titulación/s válida/s en España que se indique/n de acordo á lexislación española.
- Estar en posesión do título e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría ao finalizar o prazo de solicitude.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- Non estar separada/o, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

CONDICIÓNS:

Retribución bruta mensual: 1.799,21 € en 14 pagas.

Fecha inicio prevista: a partir del día seguinte a la fecha de resolución de la selección.¹

Tipo de contrato: contrato por circunstancias da produción.

Categoría Laboral: investigador/a colaborador/a.

Duración: 6 meses ²

Jornada laboral: a tiempo completo (35.0 horas semanales).

COMISIÓN DE AVALIACIÓN:

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación designada ao efecto. A Comisión estará constituída pola/o responsable científica/o a (presidiráa) e membros do equipo de investigación vinculados ao Centro.

Membros da Comisión Especializada de Selección:

- Presidenta: Beatriz Pateiro López
- Secretaria: María Isabel Borrajo García
- Vogal: Prof. Julio González Díaz

¹ La fecha de inicio prevista puede sufrir modificaciones en función de la fecha de resolución de adjudicación del contrato.

² La duración del contrato puede sufrir modificación en función de la fecha de resolución de adjudicación del contrato y/o de la duración de la actividad/proyecto de investigación.

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servizos - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

LUGAR DE TRABAJO: Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), Campus Vida, Santiago de Compostela.

ENVÍO DE SOLICITUDES

As persoas interesadas neste contrato deberán enviar antes do 8 de marzo de 2026 ás 23:59 horas as solicitudes, que deberán incluír unha carta de presentación que resuma a traxectoria do solicitante cos méritos e experiencia a valorar na convocatoria, o currículo vitae (con teléfono móbil e correo electrónico), os títulos e os expedientes académicos de Grao/Licenciatura/Enxeñería e Mestrado; outras certificacións, e a vida laboral (que acredite os méritos profesionais que aparecen no currículo vitae). Toda a documentación remitirase á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@citmaga.gal indicando en “asunto” a referencia da oferta CITMAga-OT-05/2026. Unha vez recibida a solicitude confirmarase a recepción da mesma mediante correo electrónico. As persoas candidatas que sexan convocadas á fase de entrevista deberán aportar documentación orixinal dos méritos aportados.

PRAZOS E RESOLUCIÓN:

Recepción de solicitudes: ata o 8 de marzo de 2026 ás 23:59 horas

Avaliación de solicitudes e realización de entrevistas persoais: primeira quincena de marzo de 2026.

Resolución da convocatoria: primeira quincena de marzo de 2026.

LISTADO DE AGARDA

Trala resolución da convocatoria, as persoas candidatas que non foron seleccionadas e cumpran os requisitos establecidos nos criterios da convocatoria de praza, e respectando o indicado na convocatoria, poderán constituír un “listado de agarda” no marco desa convocatoria por orde de méritos e valía, sempre que se acadaran os setenta puntos. Dito “listado de agarda” farase público o mesmo día da resolución da convocatoria, e estará en vigor durante un período de 6 meses. A Comisión de Avaliación da convocatoria, se o estima convinte, poderá facer uso do “listado de agarda”, sempre e cando algunha persoa traballadora renuncie ou cause baixa voluntaria no marco da contratación e durante o tempo establecido e en vigor para o “listado de agarda”.

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria dedicarse en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade que orixine a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica, así

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servizos - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

como á existencia de financiamento concreto derivado do mesmo. Os contratos realizaranse baixo a modalidade de contrato por circunstancias dá produción. Os importes contemplados poderán sufrir variacións que establezan as normas que lle sexan de aplicación ou por causas sobrevindas non previstas inicialmente.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

A retribución bruta do contrato é a especificada, para cada caso concreto. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevidas non previstas inicialmente.

NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal de CITMAGA.

RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratados deberán manter a confidencialidade da actividades que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestión e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto o seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servizos - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA); FINALIDADE DO TRATAMENTO: A xestión das candidaturas vinculadas ao proceso de selección;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1a do RXPd);

DESTINATARIOS DOS DATOS: Non se cederán datos a terceiros;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o prazo máximo de dous anos;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, oposición, limitación do tratamento e retirar no seu caso o consentimento outorgado enviando un correo-e a dpd@citmaga.gal

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@citmaga.gal

Toda a información en relación con esta convocatoria, así como a resolución desta, publicaranse na páxina web de CITMAGA <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>

Rosa María Crujeiras Casais
Directora Científica en funcións de CITMAGA.

**CIT
MAGA****Salida:****27 / 02 / 2026****Nº Registro:****20**

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
www.itmati.com
Pabellón de Servizos - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
NIF ***3178**, 26/02/2026 15:02:22.

CSV: 36D0-88F7-487D-B736